

## SESIÓN ORDINARIA DO PLENO MUNICIPAL DO DÍA 26 DE AGOSTO DE 2021

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas e dous minutos do día vinte e seis de agosto de dous mil vinte e un, baixo a presidencia do señor alcalde, don Óscar A. García Patiño, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o Pleno municipal.

Asisten os señores concelleiros don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta, de UxC; dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceros Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei, do PSdeG-PSOE; dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe, do PP; don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández, do BNG; don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites, de AV; dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común; e dona María José García Hidalgo, de C's.

Non asiste, con excusa, don Juan María Abalo Castex, do PP.

Asisten don Francisco Javier Ulloa Arias, interventor, e dona Verónica María Otero López, secretaria accidental.

Segundo establece o artigo 130.1 do Regulamento orgánico municipal, no Concello de Cambre as actas do pleno municipal adoptan o sistema de videoactas.

De acordo co previsto no artigo 130.2, apartado 1º do citado texto normativo, o presente documento correspóndese coa acta sucinta da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 26 de agosto de 2021, que xunto coa gravación dispoñible no enderezo electrónico <http://plenos.cambre.es> (ID: Video\_202108261802490000\_FH), constitúe o documento público e oficial de videoacta desta sesión.

Faise constar que en cada punto da orde do día desta acta sucinta, inclúese a referencia temporal do comezo da gravación do dito punto, isto co fin de facilitar a súa localización.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### 1. PARTE RESOLUTIVA

#### 1.1. Toma de coñecemento do informe de Tesourería sobre cumprimento dos prazos previstos na Lei 15/2010, do 5 de xullo, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade, correspondente ao segundo trimestre do ano 2021

##### **Acceso á videoacta – 00:00:25 horas**

Vista a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, de data 4 de agosto de 2021, que consta do seguinte teor literal:

«Visto o informe da tesoureira de data 4 de Agosto de 2021, sobre cumprimento dos prazos previstos na Lei 15/2010, de 5 de xullo, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade, correspondente ao segundo trimestre do ano 2021, que consta do seguinte teor literal:

«De conformidade co disposto no artigo 4.3 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, emítese o seguinte informe sobre o cumprimento dos prazos previstos na Lei para o pago das obrigacións deste Concello, correspondente ao segundo trimestre do ano 2021:

Primeiro: Existían 220 facturas pendentes de pago ao final do trimestre por un importe total de 961.165,98 euros, das que 131 (353.312,45 €) estaban dentro do período legal de pago e 89 (607.853,53 €) están fora.

Segundo: Ao longo do trimestre fixéronse 574 pagos por un importe de 1.769.227,31 euros, dos cales 421 (1.250.268,16 €) realizáronse dentro do período legal de pago e 153 (518.959,15 €) fora deste.

Terceiro: Non se aboaron xuros de demora no trimestre natural.

O Período Medio de Pago a provedores (PMP) a que se refire o Real decreto 1040/2017, de 22 de decembro, polo que se modifica o R.D. 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenrola a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiación, previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostenibilidade Financeira, correspondente ao segundo trimestre do ano 2020 é de 28,65 días. Está dentro do período legal establecido na Lei 3/2004 e na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Para o cálculo de período medio de pago a provedores se teñen en conta as facturas expedidas desde o 1 de xaneiro de 2014 que contan no rexistro contable de facturas. Quedan excluídas as obrigas de pago contraídas con outras administracións públicas, as propostas de pagos que foron obxecto de retención como consecuencia de embargos, mandamentos de execución, procedementos administrativos de compensación ou análogos ditados por órganos xudiciais ou administrativos.”

Téndose dado coñecemento de tales datos ao Ministerio de Facenda, tal e como establece o artigo 4.4 da Lei.

É polo que propono a elevación ao Pleno da seguinte proposta de acordo pola concelleira de Economía, Facenda e Recursos Humanos:

**Único:** Dar coñecemento ao Pleno municipal, do Informe de Tesourería sobre cumprimento dos prazos previstos na Lei 15/2010, do 5 de xullo, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade correspondentes ao segundo trimestre do ano 2021:

Tendo en conta o cal, tal e como establece o artigo 4.4. da Lei, de cara a favorecer a transparencia,

**PROPOÑO:**

**Único:**- Dar coñecemento ao Pleno municipal, do informe de Tesourería sobre o cumprimento dos prazos previstos na Lei 15/2010, do 5 de xullo, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade correspondentes ao segundo trimestre do 2021.»

Os vinte concelleiros presentes na sesión toman coñecemento do informe de Tesourería sobre cumprimento dos prazos previstos na Lei 15/2010, do 5 de xullo, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade, correspondente ao segundo trimestre do ano 2021.

## **1.2. Proposta de modificación da ordenanza fiscal núm. 15, reguladora da taxa por subministración**

### **Acceso á videoacta – 00:00:40 horas**

Vista a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, de data 12 de agosto de 2021, que consta do seguinte teor literal:

«Vista a redacción do apartado 2 do artigo 5, e do apartado 1.B do epígrafe 1 “Usos domésticos” do art. 6 da Ordenanza fiscal de subministración de auga no relativo ao importe do beneficio fiscal aplicable as familias numerosas.

Considerando así mesmo as incidencias existentes na aplicación dos ditos artigos (art.5.2 e 6 1.1B) relativos as bonificacións e cota tributaria reguladas na dita ordenanza, e co fin de gardar espírito e finalidade do acordo plenario de data 27 de agosto de 2020, polo que aprobouse a ordenanza vixente, e que non foi outro que favorecer ás familias numerosas co fin de acadar un resultado máis xusto na aplicación desta norma.

Tendo en conta que o Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, sinala nos seus artigos 15 a 19 o procedemento para aprobar e modificar as ordenanzas fiscais reguladoras dos tributos locais.

Visto o informe da intervención municipal número 298/2021.

Por todo o anterior, propónse ao Pleno que adopte os seguintes acordos:

**Primeiro.-** Modificar o apartado 2 do artigo 5 da Ordenanza fiscal nº 15 de subministración de auga, que queda redactado nos seguintes termos:

*2.- Establécese unha bonificación das cotas para o consumo doméstico de auga potable a aquelas vivendas nas que convivan máis de cinco persoas sempre que todos eles estean empadroados na mesma, así como as vivendas no que o pagador da póliza de abono ostente a condición de titular de familia numerosa.*

*O beneficiario da bonificación terá que ser pagador da póliza de abono ao subministro da auga e estar empadroado na vivenda obxecto da bonificación.*

*A bonificación aplicarase por primeira vez na facturación correspondente ao trimestre seguinte ao da solicitude do beneficio fiscal polo interesado, sempre e cando teña presentada a documentación necesaria dentro do prazo de resolución da mesma.*

*O importe das bonificacións será o seguinte:*

- a) *Os pagadores de pólizas de vivendas habitadas por máis de cinco e menos de oito persoas, disfrutarán dunha bonificación no prezo dos m<sup>3</sup> consumidos no trimestre que superen os 30. Así, nestes casos aplicarase a tarifa 1.B e non a tarifa xeral.*

*No caso do titular de familias numerosas, de ata sete membros, terán esta mesma bonificación.*

- b) *Cando a vivenda estea habitada por oito persoas ou máis, disfrutarán dunha bonificación no prezo dos m<sup>3</sup> consumidos no trimestre que superen os 30. Nestes casos será de aplicación a tarifa 1.C e non a tarifa xeral.*

*(...)"*

**Segundo.-** Modificar o apartado 1.B do epígrafe 1 "Usos domésticos" do art. 6 da Ordenanza fiscal nº 15 de subministración de auga, que queda redactado nos seguintes termos:

**"Artigo 6º. - Cota tributaria.**

*A contía da taxa regulada nesta ordenanza será a determinada nas tarifas seguintes:*

**Epígrafe 1. Usos domésticos:**

**1.B. Tarifa bonificada para titulares de familia numerosa (de ata sete membros) e de pólizas de abono en vivendas nas que convivan máis de cinco membros, ata sete (artigo 5.2.a da presente ordenanza):**

- 1.1. *Ata 60 m<sup>3</sup> trimestre, a 0,40 euros cada m<sup>3</sup>.*  
1.2. *Máis de 60 e ata 90 m<sup>3</sup> trimestre, excesos a 0,57 euros cada m<sup>3</sup>.*  
1.3. *Máis de 90 m<sup>3</sup> trimestre, excesos a 1,09 euros cada m<sup>3</sup>.*

*(..)"*

**Terceiro.-** A modificación da Ordenanza fiscal nº 15, comezará a aplicarse a partir do día seguinte á publicación do anuncio no boletín oficial da provincia da súa aprobación definitiva, e manterase vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.

**Cuarto.-** Expoñer ao público no taboleiro de anuncios do Concello o acordo provisional, así como o texto completo das ordenanzas modificadas durante o prazo de trinta días, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de exposición no Boletín Oficial da Provincia. Igualmente publicarase o de exposición da ordenanza fiscal nun diario dos de maior difusión da provincia.

Durante o período de exposición pública das ordenanzas, os que teñan un interese directo, nos termos previstos nos artigos 17 e seguintes do Real decreto legislativo 2/2004 (TRLHL), poderán examinar os expedientes e presentar as reclamacións oportunas. Transcorrido o período de exposición pública sen presentar reclamacións, os acordos adoptados quedarán definitivamente aprobados.

**Quinto.-** Publicar no Boletín Oficial da Provincia os acordos definitivos que, unha vez transcorrido o período de exposición pública proceda adoptar, así como o texto das ordenanzas modificadas.»

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Recursos Humanos e Desenvolvemento Socioeconómico de data 19 de agosto de 2021.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguinredo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceros Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei), as dúas concelleiras presentes do PP (dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites), a concelleira de EU-Son en Común (dona María Olga Santos López) e a concelleira de C's (dona María José García Hidalgo). Abstéñense os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández).

O Pleno municipal, por dezaioito votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

### **1.3. Proposta de modificación do Plan estratéxico de Subvencións 2020/2023 para o exercicio 2021**

#### **Acceso á videoacta – 00:12:23 horas**

Vista a proposta da Alcaldía, de data 6 de agosto de 2021, que consta do seguinte teor literal:

“O Plan estratéxico de subvencións 2020-2023, aprobouse polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria do día 19 de decembro de 2019, con carácter supletorio da correspondente ao día 26 de decembro, modificándose para o exercicio 2021 por acordo do Pleno en sesión extraordinaria de data 22 de decembro de 2020.

Para o seu seguimento conta cunha comisión de seguimento e avaliación, a cal debe reunirse para a súa actualización, nos termos do establecido no art. 4.2 do PES

#### *«4.2. Modificación do PES*

*Segundo o artigo 14.1 do Regulamento da LGS, o plan estratéxico poderá ser actualizado anualmente en 2021, 2022 e 2023 coa información relevante dispoñible e remitida por cada un dos departamentos.*

*A actualización realizarase antes da aprobación dos orzamentos, tendo en conta particularmente o previsto nas leis anuais de Orzamentos Xerais do Estado. A indicada actualización realizarase por parte do Grupo para o seguimento e a avaliación e someterase a aprobación do pleno, e será publicitada nos mesmos termos que a aprobación do mesmo.»*



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

Aínda que se prevé a actualización anual, as consecuencias da pandemia do Covid -19 continúan facéndose notar de forma negativa no presente exercicio no ámbito empresarial do noso concello, polo que se considerou preciso amoldar o Plan estratéxico de subvencións ás necesidades xurdidas das que se dá traslado por parte de distintas asociacións de empresarios de Cambre. En concreto, as asociacións solicitaron a incorporación dunha nova vertente nas medidas de fomento na Área económica, con obxecto de que o concello financie a través de subvencións, non só o gasto corrente realizado para o cumprimento dos obxectivos marcados nas Bases da convocatoria anual de subvencións en libre concorrancia, senón tamén do gasto para a execución de investimentos necesarios para impulsar a competitividade do comercio local, de cara a non quedar atrás tanto no posicionamento físico como dixital dos profesionais, empresarios e PYMES asociadas.

Por dito motivo propónse para o exercicio 2021 a incorporación ao Plan estratéxico de dúas liñas de subvención nominativa para investimento ou gasto de carácter inventariable a dúas asociacións por considerar de especial interese os proxectos presentados, así como a modificación da ficha individual existente no PES de subvencións en libre concorrancia ás Asociacións de empresarios para a incorporación dende o exercicio 2022 dunha partida para investimentos a executar con fins de dinamización e promoción económica, ante a previsión de que a excepcionalidade motivada polo situación actual, desapareza, quedando a partir de entón incorporada a posibilidade de incluír gastos de investimentos inventariables ou de equipamentos na liña de subvencións en réxime de libre concorrancia, desaparecendo as subvencións nominativas propostas agora para o exercicio 2021.

Tendo isto en consideración, convocouse a comisión de seguimento e avaliación para a aprobación dunha proposta da modificación do PES 2020/2023 para o exercicio 2021, a cal, reunida en sesión de data 29 de xullo de 2021, propón ao Pleno, previo ditame da comisión informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Recursos Humanos e Desenvolvemento Socioeconómico, a adopción dos seguintes acordos:

**Primeiro:** Aprobar a modificación do Plan estratéxico de Subvencións 2020-2023 para o exercicio 2021, co seguinte teor literal:

«

# PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIONS

MODIFICACIÓN 2021  
MODIFICACIÓN 2021

## ÍNDICE

---

- 1. Introducción.** Obxectivos xerais pretendidos coa modificación do 2º PES do Concello de Cambre
- 2. Competencia na modificación do PES, publicidade e transparencia do PES.**
  - 2.1. Competencia na modificación do PES.
  - 2.2. Publicidade do PES

### 2.3 Transparencia do PES.

#### **Anexo: Fichas individualizadas das liñas modificadas.**

## **1. INTRODUCCIÓN. OBXECTIVOS XERAIS PRETENDIDOS COA MODIFICACIÓN DO 2º PES DO CONCELLO DE CAMBRE**

Proponse dende a área de Benestar social a introdución de dúas novas subvencións nominativas.

Tratase de introducir, dúas subvencións nominativas para o exercicio 2021 dentro da Area 6 Promoción económica, co finalidade de complementar a liña subvencional en libre concorrència ante as solicitudes da Asociación de empresarios do Polígono Industrial de Espiritu Santo e Asociación de Empresarios Cambre Empresarial que xustifican a necesidade de execución de dous proxectos de investimento para os que se prevé a subvención, sinalización empresarial no Polígono industrial do Espiritu Santo, e dotación de equipamento para aula informática, respectivamente. Nos remitimos neste punto á proposta remitida pola Concellería de Desenvolvemento Socioeconómico.

Tendo en conta a solicitude das Asociacións de empresarios, e a natureza dispar dos investimentos que se vaian executando ao longo da vida do Plan estratéxico de subvencións, para o exercicio 2022 e 2023, prevese a modificación da ficha individual de Subvención a asociacións de empresarios en libre concorrència, incorporando na mesma una partida para execución de investimentos.

Lembrar que o procedemento adecuado para o outorgamento é a libre concorrència, establecendo no artigo 22.2 da Lei 38/2003 xeral de subvencións a excepción a esta libre concorrència:

*“2. Podrán concederse de forma directa las siguientes subvenciones:*

- a) Las previstas nominativamente en los Presupuestos Generales del Estado, de las comunidades autónomas o de las entidades locales, en los términos recogidos en los convenios y en la normativa reguladora de estas subvenciones.*
- b) Aquellas cuyo otorgamiento o cuantía venga impuesto a la Administración por una norma de rango legal, que seguirán el procedimiento de concesión que les resulte de aplicación de acuerdo con su propia normativa.*
- c) Con carácter excepcional, aquellas otras subvenciones en que se acrediten razones de interés público, social, económico o humanitario, u otras debidamente justificadas que dificulten su convocatoria pública.”*

Se verifica que existe xustificación para excluír estas subvencións da libre concorrència.

## **2. APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN, PUBLICIDADE E TRANSPARENCIA DA MODIFICACIÓN.**

### *2.1. Aprobación da modificación do PES 2020-2023 do Concello de Cambre.*

O órgano competente para a aprobación da modificación do Plan Estratéxico de Subvencións é o Pleno municipal, dado que se trata dun instrumento de planificación estratéxica da actividade subvencional ou de fomento e de

xestión económica, de acordo co previsto no apartado e) do artigo 22.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local.

### 2.2. Publicidade do PES 2020-2023.

O acordo plenario pola que se proceda á modificación do PES 2020-2023 será comunicado aos xefes de cada área. Igualmente se publicará a modificación na páxina web municipal ([www.cambre.org](http://www.cambre.org)) séndolle de aplicación así mesmo calquera outras disposicións en materia de información e transparencia previstas en cada momento no ordenamento xurídico.

### 2.3. Transparencia

Todas as subvencións concedidas polo concello, en cada unha das súas liñas estratéxicas, programas de axuda e convocatorias serán publicadas durante o mes seguinte a cada trimestre natural, de acordo cos artigos 30 e 31 do Regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións, na web municipal ([www.cambre.org](http://www.cambre.org)) no Taboleiro de anuncios físico, no Boletín Oficial correspondente, cando sexa necesario, e na Base de Datos Nacional de Subvencións, indicando o beneficiario, a contía concedida e o proxecto ou acción á que vai destinado.

### Anexo: Fichas individualizadas das liñas de subvencións modificada para o exercicio 2021 (a extinguir)

Promoción económica	Área 6	Código 6.5
<b>ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DO POLÍGONO DO ESPÍRITU SANTO</b>		
<b>a. Obxectivo estratéxico</b>	Colaboración cos investimentos precisos para identificación das empresas situadas no Polígono industrial, mediante a indicación dos seu emprazamentos	
<b>b. Obxectivos específicos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Mellorar a sinalización das empresas e dos servizos existentes no polígono, para facilitar a súa identificación por parte do público e a homoxeneidade das mesmas.</li> <li>- Mellorar os accesos ao polígono.</li> <li>- Poñer en valor e dar a coñecer o polígono como un hub para a instalación de novas empresas.</li> <li>- Atraer a novas empresas para a súa instalación no noso Concello</li> </ul>	
<b>c. Prazo</b>	Anual	
<b>d. Custo presupostado</b>	19.800,00 €	
<b>e. Orzamento máximo da achega</b>	90%	
<b>f. Fonte de financiamento</b>	Recursos propios	
<b>g. Procedemento de concesión</b>	Nominativa	
<b>h. Plan de actuación</b>	Sinatura de convenio	

Promoción económica	Área 6	Código 6.6
<b>ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS CAMBRE EMPRESARIAL</b>		
<b>a. Obxectivo estratéxico</b>	Colaboración cos investimentos precisos para equipar as aulas de formación da Asociación	
<b>b. Obxectivos específicos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Dotar de equipamentos tecnolóxicos de última xeración as aulas de formación da asociación (equipos e impresoras 3D, pizarras dixitais, etc.)</li> <li>- Mellorar a competitividade das empresas de Cambre e do seu persoal mediante a dispoñibilidade de elementos que facilitan unha capacitación adaptada as necesidades actuais</li> <li>- Incrementar a oferta formativa existente para as empresas e os seus traballadores e o público en xeral do Concello</li> </ul>	
<b>c. Prazo</b>	Anual	
<b>d. Custo presupostado</b>	13.500,00 €	
<b>e. Orzamento máximo da achega</b>	90%	

<b>f. Fonte de financiamento</b>	Recursos propios
<b>g. Procedemento de concesión</b>	Nominativa
<b>h. Plan de actuación</b>	Sinatura de convenio

### Ficha individualizada das liñas de subvencións modificada para o exercicio 2022

Promoción económica	Área 6	Código 6.2
<b>SUBVENCIÓN A ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS</b>		
<b>a. Obxectivo estratéxico</b>	Colaboración cos axentes económicos do municipio na dinamización das actividades comerciais e competitividade das empresas locais	
<b>b. Obxectivo específico</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Facilitar a adopción das medidas necesarias para garantir o desenvolvemento da actividade empresarial local no novo escenario derivado da crise sanitaria ocasionada polo Covid - 19</li> <li>- Fomentar o asociacionismo empresarial no municipio</li> <li>- Mellora da competitividade das actividades empresariais</li> <li>- Posta en marcha de campañas comerciais para o fomento das vendas no municipio</li> <li>- Mantemento do comercio e da hostalería no municipio</li> </ul>	
<b>c. Prazo</b>	Anual	
<b>d. Custo presupostado</b>	70.000,00 € (40.000 € gasto corrente, 30.000 € investimento)	
<b>e. Fonte de financiamento</b>	Recursos propios	
<b>f. Procedemento de concesión</b>	Libre concorrência	
<b>g. Plan de actuación</b>	O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria	

**Segundo:** Publicar a modificación do Plan estratéxico de Subvencións 2020-2023 na páxina web municipal ([www.cambre.es](http://www.cambre.es)), e dar conta aos xefes das áreas municipais afectadas.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Recursos Humanos e Desenvolvemento Socioeconómico de data 19 de agosto de 2021.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta) e os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguinedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parcero Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei). Votan en contra os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) e a concelleira de C's (dona María José García Hidalgo). E abstéñense as dúas concelleiras presentes do PP (dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballeda Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández) e a concelleira de EU-Son en Común (dona María Olga Santos López).

O Pleno municipal, por doce votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

#### 1.4. Proposta de aprobación do expediente de crédito extraordinario número 2/2021

##### Acceso á videoacta – 00:46:57 horas

Vista a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, de data 4 de agosto de 2021, que consta do seguinte teor literal:

«Visto que a aprobación do orzamento 2021 veu marcada polo impacto da Covid 19 no noso Concello.

Vista a liquidación do orzamento que arroxa un Remanente Líquido de Tesourería positivo de 8.014.837,70 €.



Vista o acordo do Consello de Ministros de data 6 de outubro que acorda a suspensión das regras fiscais para o bienio 2020-21, o que libera ós concellos, sempre dentro de criterios de prudencia, para utilización do Remanente.

Vista a memoria de Alcaldía onde se detallan e xustifican os gastos obxecto deste expediente.

Vista a imposibilidade de demorar este gasto e a imposibilidade de financiamento mediante baixas noutras aplicacións.

Visto que de conformidade coas disposicións legais vixentes, cando deba realizarse algún gasto e o crédito consignado no Orzamento sexa inexistente, a Corporación poderá acordar unha concesión de crédito extraordinario.

Visto o disposto na décimo segunda das Bases de execución do orzamento para 2021, e a dispoñibilidade de financiamento con cargo ao remanente líquido de tesourería.

É polo que propoño ao Pleno do Concello de Cambre a adopción dos seguintes acordos:

**Primeiro:** Aprobar o expediente de concesión de crédito extraordinario número 2/2021 por importe de 33.300 euros, financiado con remanente de tesourería para gastos xerais co seguinte detalle:

#### ESTADO DE GASTOS

Aplicación	Denominación	Importe
433. 779.00	Promoción empresarial. Subvención de capital. Nominativa Empresarios Polígono Esp. Santo	19.800,00 €
433. 779.01	Promoción empresarial. Subvención de capital. Nominativa Cambre Empresarial.	13.500,00 €
<b>Total</b>		<b>33.300 €</b>

#### ESTADO DE INGRESOS

Concepto	Denominación	Diminución
87010	REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS	33.300 €

**Segundo:** Que se expoña ao público por prazo de quince días hábiles no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello, a efectos de que os interesados poidan examinalo e efectuar as reclamacións que consideren oportunas.

**Terceiro:** No caso de que non se presentasen reclamacións considerárase definitivamente aprobado o expediente para a súa entrada en vigor.»

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Recursos Humanos e Desenvolvemento Socioeconómico de data 19 de agosto de 2021.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan

Lesta) e os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceró Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei). Votan en contra os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) e a concelleira de C's (dona María José García Hidalgo). E abstéñense as dúas concelleiras presentes do PP (dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández) e a concelleira de EU-Son en Común (dona María Olga Santos López).

O Pleno municipal, por doce votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

Faise constar que cando son as vinte e unha horas e oito minutos, trala votación do punto 1.4 da orde do día, auséntase da sesión don Daniel Carballada Rodríguez, do BNG.

### 1.5. Proposta de aprobación do expediente de suplemento de crédito número 4/2021

#### **Acceso á videoacta – 01:06:24 horas**

Vista a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, de data 10 de agosto de 2021, que consta do seguinte teor literal:

“Visto que a aprobación do orzamento 2021 veu marcada polo impacto da Covid 19 no noso Concello.

Vista a liquidación do orzamento que arroxa un remanente líquido de Tesourería positivo de 8.014.837,70 €.

Vista o acordo do Consello de Ministros de data 6 de outubro que acorda a suspensión das regras fiscais para o bienio 2020-21, o que libera aos concellos, sempre dentro de criterios de prudencia, para utilización do remanente.

Vista a memoria de Alcaldía onde se detallan e xustifican os gastos obxecto deste expediente.

Vista a imposibilidade de demorar este gasto e a imposibilidade de financiamento mediante baixas noutras aplicacións.

Visto que de conformidade coas disposicións legais vixentes, cando deba realizarse algún gasto e o crédito consignado no Orzamento sexa insuficiente, a Corporación poderá acordar unha concesión de suplemento de crédito.

Visto o disposto na décimo segunda das Bases de execución do orzamento para 2021, e a dispoñibilidade de financiamento con cargo ao remanente líquido de tesourería.

É polo que propoño ao Pleno do Concello de Cambre a adopción dos seguintes acordos:

**Primeiro:** Aprobar o expediente de suplemento de crédito número 4/2021 por importe de 31.944,00 euros nas aplicacións orzamentarias detalladas na memoria de Alcaldía financiado con remanente líquido de Tesourería.

**Segundo:** Que se expoña ao público por prazo de quince días hábiles no *Boletín Oficial da Provincia* e no taboleiro de edictos do Concello, para os efectos de que os interesados poidan examinalo e efectuar as reclamacións que consideren oportunas.

**Terceiro:** No caso de que non se presentasen reclamacións considerárase definitivamente aprobado o expediente para a súa entrada en vigor.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Recursos Humanos e Desenvolvemento Socioeconómico de data 19 de agosto de 2021.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan

Lesta), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguinredo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceró Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei), as dúas concelleiras presentes do PP (dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), a concelleira de EU-Son en Común (dona María Olga Santos López) e a concelleira de C's (dona María José García Hidalgo). Abstéñense o concelleiro presente do BNG (don Brais Cubeiro Fernández) e os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites).

O Pleno municipal, por dezaseis votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

## 1.6. Proposta de aprobación da modificación da Base cuadraxésimo sexta das de execución do orzamento para o exercicio 2021

### Acceso á videoacta – 01:09:53 horas

Vista a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, de data 7 de agosto de 2021, que consta do seguinte teor literal:

«En sesión ordinaria celebrada con data 22 de decembro de 2020, o Pleno desta corporación, acordou aprobar o orzamento municipal para o exercicio 2021 así como as bases de execución deste.

Na Base 46ª, referida ás subvencións nominativas, establécense as subvencións nominativas que se outorgaran no exercicio 2021, conforme co establecido no artigo 22.2.a) da Lei xeral de subvencións, detallando os perceptores e o importe máximo delas.

Dende a Concellería de Desenvolvemento Socioeconómico considérase necesaria a concesión de dúas novas subvencións nominativas a prol da Asociación de empresarios do Polígono Industrial Espírito Santo e da Asociación de empresarios Cambre Empresarial, motivo polo cal se convoca a comisión de seguimento e avaliación do PES 2020/2023, que aproba a modificación do PES para o exercicio 2021 e a elevación da proposta ao Pleno, unha vez se ditamine pola Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Recursos Humanos e Desenvolvemento Socioeconómico.

Adoptado o acordo polo Pleno da corporación de modificación do Plan estratéxico 2020/2023, resulta necesario que o Pleno adopte acordo de modificación da Base 46ª das de Execución do Orzamento para incorporar as novas subvencións nominativas.

De conformidade cos artigos 169 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e artigo 112 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladoras bases de réxime local.

Propónse ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

**Primeiro:** Aprobar inicialmente a modificación da Cuadraxésimo Sexta das Bases de execución do orzamento xeral para o exercicio 2021, consistente na inclusión entre as subvencións nominativas outorgadas de conformidade co establecido no artigo 22.2.a) da Lei xeral de subvencións, das seguintes:

APLICACIÓN	SUBVENCIÓN NOMINATIVA	IMPORTE	
(...)			
433	779.00	Promoción empresarial. Subvención de capital. Nominativa Empresarios Polígono Esp. Santo	19.800,00 €
433	779.01	Promoción empresarial. Subvención de capital. Nominativa Cambre Empresarial	13.500,00 €

**Segundo:** Expoñer ao público por un período de quince días hábiles logo de anuncio inserto no *Boletín oficial da provincia*, durante os cales os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións, en caso contrario, o Pleno disporá do

prazo de un mes para resolvelas.»

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Recursos Humanos e Desenvolvemento Socioeconómico de data 19 de agosto de 2021.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta) e os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguinredo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parcero Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei). Votan en contra os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) e a concelleira de C's (dona María José García Hidalgo). E abstéñense as dúas concelleiras presentes do PP (dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), o concelleiro presente do BNG (don Brais Cubeiro Fernández) e a concelleira de EU-Son en Común (dona María Olga Santos López).

O Pleno municipal, por doce votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

### **1.7. Proposta de aprobación da elevación de porcentaxes do proxecto plurianual de gastos “Mellora da eficiencia enerxética na iluminación pública de determinadas zonas: A Barcala, Cambre, Polígono do Espírito Santo e O Temple, mediante implementación de solucións LED”**

#### **Acceso á videoacta – 01:18:27 horas**

Vista a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, de data 9 de agosto de 2021, que consta do seguinte teor literal:

«Visto que no momento de aprobación do Orzamento municipal 2021 non se atopaban redactados os proxectos vinculados á obra “Mellora da eficiencia enerxética na iluminación pública da Barcala, Cambre, Polígono do Espírito Santo e O Temple, mediante implementación de solucións LED”.

Visto que no orzamento municipal figura crédito para dar cobertura orzamentaria a unha primeira anualidade por un importe de 401.604,69 euros, informándose polo enxeñeiro de camiños municipal que a dita contía é suficiente para o exercicio 2021, *“Debiendo generarse el restante hasta los 1.850.775,91 euros presupuestados en el año 2022, puesto que el plazo máximo para la conclusión de las obras y la justificación de las mismas es el 3 de diciembre de 2022”*.

E isto, tendo como motivación os prazos de licitación e execución da obra así como a necesidade de cumprir coas bases da subvención concedida ao Concello de Cambre por resolución de 4 de xuño de 2020 do director xeral do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE), por importe máximo de 1.480.620,71 euros ao abeiro e de conformidade co establecido no Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa Operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020, modificado polo real Decreto 1516/2018, do 28 de decembro, e o Real Decreto 316/2019, de 26 de abril, para levar a cabo o proxecto de “Mellora da eficiencia enerxética na iluminación pública de determinadas zonas: A Barcala, Cambre, Polígono do Espírito Santo e O Temple, mediante implementación de solucións LED” por importe total 1.850.775,91 euros.

Visto que a execución prevista da obra difire nas súas porcentaxes do establecido no artigo 174.3 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, resulta necesario a elevación das referidas porcentaxes polo Pleno da corporación para o exercicio 2022.

PROXECTO 2021.2.165.1  
Aplicación orzamentaria 165 60900  
Importe proxecto 1.850.775,91 euros  
ANUALIDADE 2021 - 401.604,69 euros  
ANUALIDADE 2022 - 1.449.171,22 euros

É polo que se propón ao Pleno:

**Primeiro:** Aprobar a elevación de porcentaxes do proxecto plurianual de gastos “Mellora da eficiencia enerxética na iluminación pública de determinadas zonas: A Barcala, Cambre, Polígono do Espírito Santo e O Temple, mediante implementación de solucións LED” para a anualidade 2022.

**Segundo:** Dar conta aos servizos económicos municipais para os efectos de oportunos.»

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Recursos Humanos e Desenvolvemento Socioeconómico de data 19 de agosto de 2021.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguiniedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceros Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei), as dúas concelleiras presentes do PP (dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites), a concelleira de EU-Son en Común (dona María Olga Santos López) e a concelleira de C's (dona María José García Hidalgo). Abstense o concelleiro presente do BNG (don Brais Cubeiro Fernández).

O Pleno municipal, por dezaoito votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

### **1.8. Aprobación se procede, da votación para elixir aos representantes designados pola Corporación Municipal para o Consello Escolar Municipal de Cambre (CEMC), por mor da baixa de dous dos seus membros**

#### **Acceso á videoacta – 01:28:14 horas**

Vista a proposta do alcalde en funcións, de data 12 de agosto de 2021, que consta do seguinte teor literal:

«Visto o informe favorable do coordinador da Área para a votación de candidaturas ao consello escolar municipal de Cambre como consecuencia da baixa de dous dos seus membros.

Visto o Regulamento Orgánico do Consello Escolar Municipal de Cambre (CEMC) aprobado en sesión extraordinaria celebrada o 25 de novembro de 1997, no seu artigo 5.1 onde di: “1. O CEMC estará integrado polos seguintes membros:

...  
-Vogais:

...  
*Sete membros como máximo, elixidos pola Corporación Municipal entre directores de centros escolares...”*

Visto o acordo do Pleno da Corporación municipal na súa sesión ordinaria do día vinteseis de abril de dous mil, no que se acordou os criterios de elección dos membros do Consello Escolar Municipal designados pola Corporación Local, entre os que están os/as directores/as dos centros escolares do Concello, como é a aceptación previa da súa candidatura e en todos os casos a designación dos membros se realizará polo Pleno Municipal en votación secreta, resultando elixidos:

- *Os directores dos centros cando a súa candidatura reciba máis votos afirmativos que negativos e de existiren máis de catro candidatos os que obteñan maior número de votos.*

Tendo en conta as causas de cese no cargo que recolle o anterior acordo plenario: “A condición de membro do CEM por designación da Corporación manterase indefinidamente, agás nos casos seguintes

- a) *Dimisión*
- b) *Cesamento no cargo directivo*
- Revogación acordada pola Corporación...*

Tendo en conta que os seguintes membros do CEMC comunicaron o cese no cargo directivo e polo tanto como membros do CEMC, comunicación da se deu conta na reunión do Consello realizada o 28 de abril de 2021:

- Anunciación Ferro Fojo directora do CEIP plurilingüe Graxal
- Félix Rodríguez Sanjurjo director do IES Afonso X o Sabio

Visto que con data 14 de xullo de 2021 e nº de rexistro de entrada 202100300000419, dona M<sup>a</sup> Luisa Méndez Balado como directora do CEIP Emilio González López, comunica a aceptación da candidatura como membro titular do CEMC. Así mesmo, con data 3 de maio de 2021 e nº de rexistro de entrada 202199900002414, dona María Belén Vidal Marcote, tamén acepta a súa candidatura como membro do CEMC.

Faise constar que non hai máis candidaturas das que son necesarias elixir e achégase xunto co expediente de proposta copia das candidaturas presentadas.

Por todo iso é polo que propoño ao Pleno municipal a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

**Primeiro:** Aprobar se procede, a votación das candidaturas de M<sup>a</sup> Luisa Méndez Balado e María Belén Vidal Marcote, como directoras do CEIP Emilio González López e do IES Afonso X O Sabio, respectivamente, e designalas, se fose o caso, como membros do Consello Escolar Municipal de Cambre e cubrir así as vacantes producidas.

**Segundo:** Comunicar o acordo ás interesadas e dar traslado del ao CEMC.»

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Servizos, Seguridade Cidadá, Educación, Mobilidade, Medio Ambiente e Sanidade de data 19 de agosto de 2021.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceros Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei), as dúas concelleiras presentes do PP (dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), o concelleiro presente do BNG (don Brais Cubeiro Fernández), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites), a concelleira de EU-Son en Común (dona María Olga Santos López) e a concelleira de C's (dona María José García Hidalgo).

O Pleno municipal, por unanimidade dos dezanove concelleiros presentes na sesión, aprobou levar a cabo a votación das candidaturas presentadas por dona M<sup>a</sup> Luisa Méndez Balado e dona María Belén Vidal Marcote, como directoras do CEIP Emilio González López e do IES Afonso X O Sabio.

Cando son as 21:36 horas, a secretaria accidental procede ao chamamento dos concelleiros e concelleiras da Corporación, por orden alfabético do primeiro apelido, os cales depositan os seus votos na urna situada na mesa presidencial.

Unha vez efectuada a votación secreta, o presidente e a secretaria levan a cabo o recuento público dos votos emitidos, co seguinte resultado:

Candidaturas das direccións dos centros escolares	SI	NON
Directora do CEIP Emilio González López – M <sup>a</sup> Luisa Méndez Balado	19	---
Directora do IES Afonso X O Sabio – María Belén Vidal Marcote	19	---

Tendo en conta canto antecede, o Pleno municipal, en votación secreta, **ACORDOU**:

**Primeiro:** Designar representantes no Consello Escolar Municipal de Cambre, dentro da categoría de direccións dos centros escolares, a:

- Dona M<sup>a</sup> Luisa Méndez Balado, directora do CEIP Emilio González López
- Dona María Belén Vidal Marcote, directora do IES Afonso X O Sabio

**Segundo:** Comunicar o acordo ás interesadas e dar traslado del ao Consello Escolar Municipal de Cambre.

**1.9. Mocións urxentes en asuntos de competencia de pleno segundo o artigo 22 da Lei 7/1985, que non figuren na orde do día**

**Acceso á videoacta – 01:40:38 horas**

Non se tratou este punto da orde do día.

## **2. PARTE DECLARATIVA**

### **2.1. Declaracións institucionais**

**Acceso á videoacta – 01:40:43 horas**

#### **Única. Declaración institucional sobre os discursos de odio**

Con data 4 de agosto de 2021 rexistrouse de entrada ao núm. 900/4541 o escrito da Deputación Provincial da Coruña no que se daba traslado ao Concello de Cambre da certificación da declaración institucional sobre os discursos de odio aprobada polo ente provincial en sesión plenaria ordinaria de data 30 de xullo de 2021.

Con data 19 de agosto de 2021 a Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Recursos Humanos e Desenvolvemento Socioeconómico ditaminou favorablemente a proposta de incluír o texto remitido pola Deputación Provincial como declaración institucional sobre os discursos de odio na sesión ordinaria do Pleno municipal do día 26 de agosto de 2021.

Pola secretaria accidental dáse lectura ao texto da declaración institucional que consta do seguinte teor literal:

“Os discursos de odio poden definirse como calquera forma de comunicación de palabra, por escrito ou a través do comportamentos, que constitúan un ataque, utilizando unha linguaxe pexorativa ou discriminatoria por razón de relixión, orixe étnico, nacionalidade, raza, cor, clase social, sexo, xénero ou calquera outro factor de identidade.

É obvio que os discursos de odio teñen a súa orixe na intolerancia, na non aceptación da diferenza, e que repercuten negativamente no clima social e polo tanto teñen consecuencias: non son inocuos, polo que afectan gravemente á convivencia.

Debemos polo tanto rexeitar o preocupante incremento que vemos nos últimos anos dos delitos contra a integridade das persoas, baseados no sinalamento excluínte da diferenza, e que moitas veces, atopan amparo ou teñen orixe nos discursos de organizacións políticas, sociais ou persoeiros públicos.

A protección dos dereitos humanos, a prevención da violencia e a loita contra todo tipo de violencias e discriminacións, precisa dun compromiso claro por parte de todas as forzas políticas no rexeitamento, na non xustificación e por suposto na non utilización dos chamados discursos de odio.

Polo tanto a loita pola igualdade, por conseguir unha sociedade máis xusta, inclusiva, diversa e tolerante, non será posible se non erradicamos do debate social e político os discursos de odio.

Tendo en conta o exposto, os concelleiros e concelleiras do Concello de Cambre propoñemos:

**Primeiro:** Que dende todas as forzas políticas con representación no Concello de Cambre se faga de xeito unánime á firme condena de todo tipo de atentados contra a vida das persoas, sen cuestionar, amparar ou xustificar as circunstancias persoais das vítimas.

**Segundo:** Condenar e rexeitar os discursos que pola súa natureza ou contido alentan a discriminación ou trato diferenciado por razón de sexo, xénero, raza, procedencia, etnia, posición social, etc. e que poden contribuír á xustificación de actitudes sexistas, homófobas, xenófobas, etc. que non deben ter cabida na nosa sociedade.

**Terceiro:** Promover que en cantos programas, actos, campañas que dependan directamente do Concello de Cambre, conteñan valores compatibles coa igualdade, o respecto á diferenza e á diversidade.

**Cuarto:** Dar traslado desta declaración ao resto de institucións públicas de carácter estatal, autonómico e municipal, co fin de que poidan sumarse a ela e atallar entre todas a proliferación dos discursos de odio na esfera pública.”

O Pleno municipal, por unanimidade dos dezanove concelleiros presentes na sesión, aprobou a declaración institucional tal e como foi transcrita.

## 2.2. Mocións dos grupos municipais

### **Acceso á videoacta – 01:44:49 horas**

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal do PP en apoio do Xacobeo 21-22. Votan a prol da urxencia os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceros Quiñoy e Diego Alcantarilla Rei), as dúas concelleiras presentes do PP (dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), os concelleiro presente do BNG (don Brais Cubeiro Fernández), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites), a concelleira de EU-Son en Común (dona María Olga Santos López) e a concelleira de C's (dona María José García Hidalgo).

O Pleno municipal, por unanimidade dos dezanove concelleiros presentes neste momento na sesión, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

### **Única. Moción do grupo municipal do PP en apoio do Xacobeo 21-22**

Rexistrada de entrada ao núm. 999/4269 o día 13 de agosto de 2021. Consta do seguinte teor literal:

«O Camiño de Santiago non só foi a ruta de peregrinación máis importante da Europa medieval, senón tamén unha importante vía comercial e de desenvolvemento cultural, artístico, social e económico do que se beneficiaron todas as



localidades pola que discorrián as súas rutas.

A súa importancia ao longo da historia está recoñecida en distincións como Itinerario Cultural Europeo (Consello de Europa 1987), Patrimonio da Humanidade (Unesco, 1993, 1998 e 2015) ou Premio Príncipe de Asturias da Concordia (Fundación Príncipe de Asturias, 2004).

Desde a súa orixe, milleiros de persoas de calquera clase e condición peregrinaron a Compostela. Ao longo destes séculos pasou por momentos de esplendor e de decadencia, pero dende a promoción e recuperación que se fixo desde o Plan Xacobeo 1993, impulsado polo goberno de Manuel Fraga, está vivindo unha das súas etapas de esplendor. Boa proba disto son máis de 301.000 peregrinos do ano 2017, os 327.000 do 2018 ou os case 350.000 do 2019.

Todos estes peregrinos e os millóns de turistas que cada ano se acercan a Galicia, sempre atoparon en nós a un pobo acoledor, respectuoso e agradecido cos seus visitantes.

As diversas rutas do Camiño de Santiago teñen un impacto directo nos sectores do aloxamento, da alimentación e da restauración, pero tamén producen un elevado impacto indirecto positivo noutros sectores económicos; así mesmo, favorecen o equilibrio territorial e son o mellor mecanismo de promoción internacional da marca Galicia.

Por todo isto, non se comprende que a organización xuvenil do BNG, “Galiza Nova”, presentase o pasado 1 de xullo unha campaña co lema “Rachemos co Xacobeo”, baseada nunhas presuntas consecuencias negativas que o Xacobeo estarían a producir na xuventude e -segundo eles- por converter a Galicia “nun sector terciario xigante e cun emprego altamente precario”. Ao día seguinte aínda que retiraron a imaxe e o lema desa campaña, reafirmáronse nas denuncias desta campaña.

A “turismofobia” é un fenómeno que entre todos temos que desterrar. Ademais, Galicia conta cun modelo turístico seguro, respectuoso, de calidade e que aporta tranquilidade a quen nos visita.

Así mesmo, o Camiño de Santiago, como fenómeno de transcendencia internacional, debería unirmos a todos. Porén, un feito tan sinxelo, pero así mesmo tan necesario e agradecido polos peregrinos, como é a sinalización do Camiño, é aproveitado polo alcalde de Vigo para confrontar coa Xunta de Galicia. Négase a outorgar a autorización municipal a sinalización homologada do Camiño. Tiveron que ser os propios locais de hostalería de Vigo os que se prestasen a colaborar cos peregrinos que atravesan a cidade e que precisan de orientación, así como da confianza e tranquilidade que lle dá seguir o itinerario correcto.

Tras máis dun ano de pandemia, moitos sectores económicos do noso concello confían na reactivación que o turismo pode propiciar e, en especial, no impacto da dobre celebración do Xacobeo 21-22, que transcende a propia cidade de Santiago de Compostela e a dos concellos polos que discorren todas as rutas do Camiño.

Polo exposto, o Grupo Municipal Popular no Concello de Cambre, presenta a seguinte **PROPOSTA DE ACORDOS**

1. O Concello de Cambre insta á Xunta de Galicia a que desenvolva unha programación extensa e descentralizada, aproveitando a grande oportunidade que representa este Xacobeo bianual, promovendo actividades ao longo de todo o territorio da nosa comunidade, dinamizando o tecido cultural e turístico local e xerando riqueza e emprego nos concellos de Galicia.
2. O Concello de Cambre manifesta o seu apoio a celebración dos anos Xacobeos 21-22, en canto vehículos de proxección exterior de Galicia, e recoñece os valores de hospitalidade, convivencia, afán de superación e solidariedade do Camiño de Santiago.
3. O Concello de Cambre rexeita calquera tipo de campaña contraria ao fenómeno Xacobeo ou de desconsideración aos peregrinos.»

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol as dúas concelleiras presentes do PP (dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe) e a concelleira de C's (dona María José García Hidalgo). Votan en contra os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel

Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parcero Quiñoy e Diego Alcantarilla Rei), o concelleiro presente do BNG (don Brais Cubeiro Fernández) e a concelleira de EU-Son en Común (dona María Olga Santos López). E abstéñense os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites).

O Pleno municipal, por catorce votos en contra, rexeitou a moción presentada polo grupo municipal do PP en apoio do Xacobeo 21-22.

### 3. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN

#### 3.1. Informes do equipo de goberno

##### **Acceso á videoacta – 02:03:30 horas**

De orde do Sr. presidente, a secretaria accidental dá conta dos seguintes asuntos:

- Da Resolución da Alcaldía núm. 1268/2021, do 30 de xullo, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“**Primeiro:** Avocar a delegación xenérica da área de Benestar Social efectuada a prol de dona Lúa Sanguñedo Álvarez dende o día 17 ao 25 de agosto de 2021, ambos os dous incluídos a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución núm. 1323/2019, do 1 de xullo.

“**Segundo:** Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Da Resolución da Alcaldía núm. 1288/2021, do 2 de agosto, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“**Primeiro:** Avocar a delegación xenérica da área de Cultura, Deportes e Xuventude efectuada a prol do quinto tenente de alcalde, don Daniel Mallo Castro, do día 7 ao día 18 de agosto de 2021, ambos incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía mediante Resolución núm. 1323/2019, do 1 de xullo.

“**Segundo:** Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Da Resolución da Alcaldía núm. 1393/2021, do 6 de agosto, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“**Primeiro:** Durante a ausencia de don Ramón Boga Moscoso, desde o día 9 ao 22 de agosto de 2021, ambos os dous incluídos, o estudo, impulso, dirección e inspección das políticas de Turismo e Patrimonio, sobre as que ostenta delegación especial, serán exercidas por esta Alcaldía, quen ostenta a delegación xenérica da Área de Presidencia, na cal se atopan incluídos os proxectos, medidas e servizos desenvolvidos na citada delegación especial, isto tendo en conta o disposto na Resolución da Alcaldía núm. 1323/2019, do 1 de xullo.

“**Segundo:** Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Da Resolución da Alcaldía núm. 1489/2021, do 25 de agosto, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“**Primeiro:** Avocar a delegación xenérica da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos efectuada a prol da sexta tenente de alcalde, dona María Dolores Pan Lesta, do día 6 ao 14 de setembro de 2021, ambos incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía mediante Resolución núm. 1323/2019, do 1 de xullo.

**Segundo:** Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Da Resolución da Alcaldía núm. 1492/2021, do 26 de agosto, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“**Primeiro:** Avocar a delegación xenérica da área de Servizos e Seguridade Cidadá efectuada a prol da terceira tenente de alcalde, dona Elisa Pestonit Barreiros, do día 27 de agosto ao día 3 de setembro de 2021, ambos incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía mediante Resolución núm. 1323/2019, do 1 de xullo.

**Segundo:** Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

### 3.2. Rogos

**Acceso á videoacta – 02:06:41 horas**

#### Rogos do PP presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 999/4394 o día 23 de agosto de 2021, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

#### 1º rogo - **Acceso á videoacta – 02:06:45 horas**

Lee o rogo dona María Jesús González Roel.

Dende hai varios días obsérvase a presenza, no paseo marítimo do Temple, diante da terraza do bar Garimbas, dunha sorte de “parterre” no que se acumulan unha serie de materiais indefinidos, descoñecendo este grupo a causa da colocación de tales elementos. É polo que se roga ao grupo de goberno que, de non mediar causa xustificada, devolva o máis pronto posible a zona acoutada ao seu estado normal.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, contesta o rogo.

#### 2º rogo - **Acceso á videoacta – 02:08:19 horas**

Lee o rogo dona María Jesús González Roel.

Numerosísimas son as ocasións en que veciñas e veciños da zona de Altamira se reúnen na zona de espaxamento e descanso situada fronte ao santuario. Cabe destacar que as veciñas habituais que frecuentan o lugar co fin de tomar descanso e establecer conversación son de avanzada idade, circunstancia que lles impide permanecer de pé longo tempo. Dáse a circunstancia de que o dito espazo só dispón dun banco, que nas actuais circunstancias non permite acoller máis que a dúas persoas sentadas. É polo que se roga ao concelleiro competente que dote ao mencionado espazo de, polo menos, un banco máis co fin de que as persoas que alí se reúnen poidan permanecer sentadas coa debida separación.

Dona María Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, contesta o rogo.

#### 3º rogo - **Acceso á videoacta – 02:10:22 horas**

Lee o rogo dona María Jesús González Roel.

Obsérvase que nas proximidades do río Mero, á altura da estación de Cambre, cada vez se produce unha maior acumulación de vexetación que dificulta a visibilidade e o tránsito. Poden verse sinais caídos e en deplorable estado, falta de repintados nas varandas, contedores que consideramos excesivamente visibles e descoidados para unha das principais vías de acceso a Cambre e, en xeral, un global abandono dunha zona que, de atoparse correctamente coidada e limpa, podería resultar moito máis agradable e acollidora. É polo que rogamos ao Goberno de Cambre que acondicione e limpe a zona descrita, así como que repare ou substitúa aqueles elementos que o precisan.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, contesta o rogo.

### **Rogos de AV presentados por escrito**

Rexistrados de entrada ao núm. 999/4392 o día 23 de agosto de 2021, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

#### **1º rogo - Acceso á videoacta – 02:12:56 horas**

Lee o rogo don Raúl Varela Fraguío.

Varias son as queixas recibidas por este grupo municipal ante a falta de iluminación na contorna do centro de Cambre, motivo polo cal rogamos que se actúe de maneira inmediata arranxando a iluminación.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, contesta o rogo.

#### **2º rogo - Acceso á videoacta – 02:15:45 horas**

Lee o rogo don Raúl Varela Fraguío.

En pleno verán do Xacobeo 21-22, e ante a visita de peregrinos ao noso concello, e tras varias queixas recibidas por mor da pouca sinalización do punto de atención ao peregrino, rogamos unha maior sinalización do punto de información ao peregrino de Cambre, así como maior sinalización previa.

Don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, contesta o rogo.

#### **3º rogo - Acceso á videoacta – 02:18:24 horas**

Lee o rogo don Raúl Varela Fraguío.

Veciños de Cambre fixéronnos chegar a posibilidade de mellorar a visibilidade no cruzamento da rúa Balado coa rúa Pablo Pintor Manzano, xa que tendo o ceda o paso, os que veñen desde Balado para facer o ceda teñen que invadir o cruzamento, motivo polo que dende Alternativa dos Veciños de Cambre rogamos unha solución viable nese cruzamento.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, contesta o rogo.

### **Rogos de EU-Son en Común presentados por escrito**

Rexistrados de entrada ao núm. 999/4395 o día 23 de agosto de 2021.

## 1º rogo - Acceso á videoacta – 02:19:04 horas

Lee o rogo dona María Olga Santos López.

No pleno do mes de xullo, dende a nosa formación foi presentada unha proposta de moción para levar a cabo a instauración dun punto violeta en calquera dos eventos de ocio nocturno que se levaran a cabo no noso concello, como forma de visibilizar que Cambre se opón firmemente ás violencias contra as mulleres, que para desgraza de toda a poboación é cada vez mais preocupante entre a nosa mocidade.

Os acordos propostos consistían na instauración dun punto violeta en cada festa, evento ou celebración que se leve a cabo no noso concello, a posta en marcha dunha campaña dirixida aos locais de lecer nocturno con protocolo de actuación e prevención ante unha agresión machista e a solicitude de financiamento que permita desenvolver estas accións concretas, entre outras posibles.

Retiramos a moción ante a petición do alcalde e a ausencia da concelleira para consensual e chegar a acordos no mesmo sentido. Tras poñer en común esta iniciativa entre a concelleira de Benestar Social e eu mesma, chegamos ao acordo de traballar en conxunto nestas medidas. Neste medio tempo, o 27 de xullo o Consello de Ministras e Ministros aprobou un catálogo de medidas urxentes do "Plan de Mellora e Modernización contra a Violencia de Xénero". Este conxunto de medidas é froito do traballo conxunto e acordo entre o Ministerio de Igualdade, Ministerio de Interior, Xustiza, Sanidade e Dereitos Sociais e Axenda 2030 para avanzar cara a erradicación das violencias estruturais contra as mulleres coa implicación do conxunto da sociedade de forma directa.

Propóñense un conxunto de medidas encamiñadas á sensibilización da sociedade, da contorna das vítimas de violencia machista, detectar de xeito temperá a violencia en servizos públicos de proximidade, apoiar a autonomía das mulleres para que rachen coa violencia, protexer ás nenas e nenos fronte a violencia e reforzar a protección e a seguridade das vítimas en risco, con e sen denuncia.

No desenvolvemento destas medidas, dende o Ministerio de Igualdade lanzouse o instrumento "Punto Violeta", para implicar ao conxunto da sociedade na loita contra a violencia machista. O obxectivo é estender, de forma masiva, a información necesaria para saber como actuar ante un caso de violencia contra as mulleres.

**Punto Violeta** consta de tres puntos principais. Por un lado, busca implicar a toda a sociedade na loita contra a violencia machista. Por outro quere achegar a información dos servizos integrais ás vítimas a través da súa contorna. Finalmente, ten como obxectivo facilitar información sobre como actuar ante un caso de violencia machista a establecementos, entidades, empresas, organismos públicos.

Vistas as conversas mantidas, a moción retirada e a recente aprobación do catálogo de medidas arriba indicado e do que deixamos enlaces e material adaptable ao noso concello para que a posta en marcha destas medidas sexa inmediata, PREGAMOS:

Que o Concello de Cambre se implique activamente nesta iniciativa, dando difusión e exposición aos distintos materiais da campaña tanto en redes sociais (RRSS) como nos espazos de información municipal e atención cidadá, como poden ser centros socioculturais, equipamentos deportivos, oficinas municipais etc. Do mesmo xeito, e segundo conversas mantidas coa concelleira responsable, pregamos que apoie expresamente a iniciativa a través da posta en marcha dunha campaña de difusión de "Punto Violeta" entre o comercio de Cambre e habilitalo en todos os eventos municipais que se leven a cabo no Concello.

Dona Lúa Sanguñedo Álvarez, concelleira delegada da Área de Benestar Social, contesta o rogo.

## 2º rogo - Acceso á videoacta – 02:25:39 horas

Lee o rogo dona María Olga Santos López.

Neste salón de plenos, e de xeito reiterado, o noso grupo presentou varias peticións e iniciativas para que o Goberno tomara en consideración unha das zoas mais abandonadas e esquecidas da área urbana do noso concello, a contorna da rúa Muíños.

Todas as veces que trouxemos estas iniciativas, oralmente foron aceptadas polo equipo de goberno, pero a posta en práctica e a lamentable realidade pola que pasa a zona, non fan máis que demostrar que o que se acepta, e mesmo celebra neste salón de plenos, non necesariamente ten traslado en feitos ou en actuacións reais que contribúan a solucionar os grandes problemas que asolagan a zona e que cada vez son máis graves.

Hai dous anos practicamente (outubro 2019) literalmente o rogo que a concelleira de Servizos, naquel momento, aceptou na súa totalidade, dicía o seguinte:

*"Hai ratas accedendo ás casas e garaxes provenientes do predio lindeiro pertencente ao Concello de Oleiros, que está sen limpar. A marquesiña atópase nunha situación totalmente inapropiada para as persoas usuarias do servizo de autobús. As beirarrúas están cheas de sucidade e cunha ausencia de limpeza e mantemento constante. Tamén é demanda histórica a beirarrúa na marxe que falta, chegando á estrada DP-1706. Relatan os veciños que unicamente hai dúas papeleiras en toda a rúa, para varios centos de persoas".*

Pasados dous meses, decembro 2019, ante a falta de "movemento institucional" do concello, e vista que a situación da rúa Muíños non melloraba, volvemos presentar no pleno unha pregunta para consultar polas accións levadas a cabo vista a aceptación do rogo de dous meses antes. A resposta chegou por escrito 15 días máis tarde, e dicía literalmente:

*"As xestións realizadas ata o de agora foron a desratización en varias ocasións da zona municipal a tratar, a comunicación ao Concello de Oleiros de necesidade de limpeza e desratización do predio lindeiro, o desatascos en todas as tubaxes existentes na dita rúa, debido a un grave problema procedente dos edificios, o pintado dos pasos de peóns de entrada e saída á rúa Muíños, e a posta en contacto co propietario do solar onde están situados os contedores de lixo, para proceder con debida autorización ao seu cerramento evitando así o acceso das ratas.*

*Como tarefas pendentes xa ordenadas á brigada de obras pero aínda non acometidas, quedarían o pintado de marcas viarias na rúa muíños, o hidrolavado das beirarrúas, a colocación de novas papeleiras, así como o arranxo da marquesiña, pendente de orzamentar."*

Ate hoxe pasou un ano e medio, e a rúa Muíños segue non igual que estaba, senón peor. Sen medo de que este rogo pareza unha reportaxe fotográfica, seguidamente achego galería fotográfica do que, a día de hoxe, podemos observar na contorna da rúa Muíños, e que, a ningún dos concelleiros e concelleiras do equipo de goberno lles resulta alleo.

Son varios os problemas que, fundamentalmente, aglutinan as situacións e descontento entre gran parte da veciñanza da zona.

- **ACCESIBILIDADE:** Numerosa e constante afluencia de vehículos estacionados ou directamente aparcados en lugares inapropiados, maioritariamente beirarrúas.
- **MOBILIDADE:** Falta de beirarrúas.
- **LIMPEZA:** Ausencia de mantemento de limpeza viaria que dá un aspecto de abandono que non teñen rúas próximas a esta con malas herbas e sucidade. *(Somos coñecedores dunha actuación de hidrolavado en 2020. A día de hoxe o aspecto é o mesmo que antes da actuación).*
- **SINALIZACIÓN:** Co pintado de dous pasos de peóns non se soluciona a total ausencia de sinalización tanto horizontal como vertical. *(En decembro estaba comprometido segundo a concelleira o pintado de*

*marcas viarias e dada a orde á brigada de obras).*

- ILUMINACIÓN: Absoluta necesidade de levar a cabo un plan de iluminación para a zona.
- COLECTORES: Non é posible que estando sobre terra o arredor dos colectores estea limpo e hixiénico, provocando isto, ademais, a afluencia das moi coñecidas ratas para todas as veciños e veciños da zona. *(Neste punto, non estaría de máis, información do concelleiro ou concelleira competente sobre os trámites feitos coa propiedade do solar, segundo afirmacións da concelleira en decembro de 2020 no ánimo de proceder ao seu pechado). (Igualmente mostramos incompreensión polo feito de que os colectores non poidan estar situados en chan público, en lugar de nun solar privado a expensas de que o propietario autorice ao pechamento... Non hai chan en Cambre?).*
- DESRATIZACIÓN: Ou é infrecuente, ou é insuficiente. A afluencia de ratas é unha constante na rúa Muíños así como a roza do solar pertencente a Oleiros. É de todos coñecido que a suma de sucidade do solar e os cheiros e mal estado dos colectores provocan a aparición destes animais, foco de infeccións e insalubridade.
- PAPELEIRAS: Tralo compromiso adquirido en decembro de 2020, detectamos un par de papeleiras colocadas. Entendemos absolutamente insuficiente esta "dotación" e así nolo trasladan veciñas e veciños da zona.
- PARQUE INFANTIL: Estado absolutamente lamentable e persistente dende hai moito tempo. Elementos inexistentes, perigo para persoas e animais de dano por ferros cravados no chan que de noite e mesmo de día, se un non se fixa, non se ven, bancos rotos, fontes sen auga, abandono absoluto dun espazo de lecer e espaxemento.

Todas estas cuestións, e moitas mais, fan que a zona mal iluminada, sucia, con pouca presenza policial (ata non hai moito tempo), mal sinalizada, con lugares en semiabandono como o parque, atraían situacións indesexables para os veciños e veciñas da zona que constantemente e, dende xa hai moitos anos, se queixan de todas estas situacións e moitas mais.

De todas elas son coñecedores todos os concelleiros do equipo de goberno, vimos denunciando hai anos, os veciños queixándose, a prensa recollendo, a app con peticións, algúns concelleiros e concelleiras incluso visitando a zona e prometendo un montón de actuacións que non se acometen.

PREGAMOS: Que con carácter urxente sexa iniciada actuación dirixida ao acondicionamento ou a elaboración dun plan de actuación sobre toda a rúa Muíños e a súa contorna, que inclúa sinalización, accesibilidade, iluminación, limpeza, mantemento e adecuación dos espazos comúns de lecer e espaxemento.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, contesta o rogo.

### **3º rogo - Acceso á videoacta – 02:38:05 horas**

Lee o rogo dona María Olga Santos López.

Ante o estado e a perigo da varanda da ponte da autoestrada AP-9, no lugar de Covelo en Pravio.

PREGAMOS: Sexa arranxada á maior brevidade posible ou sexan tomadas as medidas precisas para que se proceda ao dito arranxo.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, contesta o rogo.

### **3.3. Preguntas**

#### **Acceso á videoacta – 02:39:15 horas**

## Preguntas do PP presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/4394 o día 23 de agosto de 2021, xunto cos rogos presentados para este pleno.

### 1ª pregunta - *Acceso á videoacta* – 02:39:16 horas

Lee a pregunta dona Marta María Vázquez Golpe.

Segundo os últimos datos que derivan dos indicadores diarios de riscos de incendios en Galicia, sitúanse, desde este mesmo luns, en nivel alto de risco diversas zonas da comunidade, coa previsión de que o dito nivel poida estenderse a máis comarcas e acadar en zonas próximas a Cambre o nivel de extremo. Atendendo a tal circunstancia pregúntase ao concelleiro da área correspondente que medidas ten previstas para evitar o risco de incendios no noso municipio e que limitacións ou cautelas se están esixindo tanto ao persoal municipal como aos propios veciños de Cambre para a prevención deles neste verán de 2021.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, contesta a pregunta.

### 2ª pregunta - *Acceso á videoacta* – 02:40:28 horas

Lee a pregunta dona Marta María Vázquez Golpe.

Tras a histórica subida dos recibos da luz e electricidade ás familias españolas protagonizada polo Goberno Central do PSOE e os seus socios de Podemos, pregúntase ao Goberno de Cambre se ten prevista algunha medida excepcional en concepto de axuda directa ou indirecta para os usuarios cambreses que non vaian poder soportar este inverno as altas tarifas eléctricas e cales serán esas medidas, no seu caso.

Dona Lúa Sanguñedo Álvarez, concelleira delegada da Área de Benestar Social, contesta a pregunta.

### 3ª pregunta - *Acceso á videoacta* – 02:41:58 horas

Lee a pregunta dona Marta María Vázquez Golpe.

Transcorridos varios meses desde que a Concellería de Cultura se comprometeu, a petición do Partido Popular de Cambre, a poñer en marcha unha biblioteca móbil, co fin de facilitar a entrega e recollida de exemplares en préstamo aos lectores sen ou con escasas posibilidades de desprazamento ás bibliotecas municipais, ben por enfermidade, discapacidade, embarazo, idade ou calquera outra circunstancia, pregúntase á concelleira da área polas contratacións realizadas para o efecto e se manexa algunha estimación de prazos para que a lectura chegue a todos os fogares de forma sinxela e gratuíta.

Dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, contesta a pregunta.

## Preguntas do BNG presentadas de forma oral

### *Acceso á videoacta* – 02:43:39 horas

Don Brais Cubeiro Fernández expón que algúns veciños dirixíronse ao seu grupo municipal con queixas sobre as recentes obras de mellora do mobiliario público na Praza 1º de Maio, na Barcala.

Queren preguntar ao equipo de goberno municipal:



1. Que valoración fai desta actuación.
2. Se é consciente da existencia de malos remates, parafusos mal colocados ou acabados pouco logrados nesta actuación.
3. Se ten pensado emendar estas eivas.

As preguntas serán contestadas por escrito.

### **Preguntas de AV presentadas por escrito**

Rexistradas de entrada ao núm. 999/4392 o día 23 de agosto de 2021, xunto cos rogos presentados para este pleno.

#### **1ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:44:18 horas**

Lee a pregunta dona Sandra Sánchez Vieites.

Ante o pronto comezo das obras no complexo deportivo da Barcala, como afectará ás persoas usuarias das instalacións actuais no período de obras?

Don Daniel Mallo Castro, concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, contesta a pregunta.

#### **2ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:44:56 horas**

Lee a pregunta dona Sandra Sánchez Vieites.

Que avisos ou queixas se rexistraron nos diferentes canles de comunicación do concello, por parte da veciñanza, en relación á roza tanto das vías municipais como no paseo do río Mero?

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, contesta a pregunta.

#### **3ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:45:36 horas**

Lee a pregunta dona Sandra Sánchez Vieites.

Cal é o motivo que impide que non se nos faciliten as licenzas que solicitamos xa no mes de xaneiro do vertedoiro situado nos Campóns, así como dos vehículos que alí estaban depositados?

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, contesta a pregunta.

### **Preguntas de EU-Son en Común presentadas por escrito**

Rexistradas de entrada ao núm. 999/4396 o día 23 de agosto de 2021.

#### **1ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:46:41 horas**

Lee a pregunta dona María Olga Santos López.

Atendendo á continua circulación de camiións e vehículos pesados que proveñen da graveira de Cecebre, preguntamos:

Ten o Goberno coñecemento dalgunha actividade na graveira de Cecebre?

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta a pregunta.

### **2ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:49:24 horas**

Lee a pregunta dona María Olga Santos López.

A principios de ano publicaron en prensa o anuncio da limpeza e roza dunha senda en Pravio nas inmediacións da pista polideportiva, traballo supervisado polo concelleiro de Patrimonio que declaraba trala súa supervisión que a intención do concello é a "de seguir limpando e rozando este tipo de senda, creando así novos espazos de espaxemento e ocio para os veciños e veciñas".

A discrepancia con estas declaracións xurde no mesmo momento da actuación dos traballos, porque veciños e veciñas afirman que, a pesar de que a senda quedou efectivamente arrombada, non se pode dicir que quedara transitable.

A día de hoxe, a senda volveu ao seu estado orixinal. Achegamos fotografías ilustrativas para o concelleiro de Patrimonio que mostran como actualmente nin transitable, nin arrombada, nin limpa, nin rozada. A senda nin se ve. Deducimos, por tanto, que trala supervisión da obra feita polo concelleiro, ata o día de hoxe, os veciños e veciñas non puideron dar satisfacción aos desexos expresados por este, relativos a ocio e espaxemento.

Con canta frecuencia é intención deste concello limpar e rozar este tipo de sendas, para poder dicir a boca chea que son espazos de espaxemento e ocio para os veciños e veciñas todos os días do ano?

Don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, contesta a pregunta.

### **3ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:50:50 horas**

Lee a pregunta dona María Olga Santos López.

Son moitas as queixas e dilatadas no tempo que recibimos respecto do corte do paseo fluvial dende xa hai máis de dous anos.

Poden informarnos e darnos previsións concretas no tempo sobre o seu arranxo e posta a disposición das veciñas e veciños?

Dona Patricia María Parceró Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, contesta a pregunta.

### **Pregunta de C's presentada de forma oral**

#### **Acceso á videoacta – 02:52:32 horas**

Dona María José García Hidalgo expón que o motivo desta pregunta é que este mesmo luns o concello anunciaba en prensa a implantación do sistema de cita previa on line, coa cal os usuarios e veciños xa poden



dende a web municipal, segundo din literalmente: *“Elixir día e hora na que desexan ser atendidos polas traballadoras sociais”*.

Di o concello que a finalidade é facilitar os trámites e que desta forma se reducirán os tempos de agarda.

Con base niso a pregunta é: Poden aqueles veciños que chamaron por teléfono, que se lles deu cita para dentro de dous meses e que se lles cambiou tres veces esa cita, poden eses veciños, a través da plataforma da web, cambiala por unha data máis próxima, elixindo, como din na web, día e hora na que desexan ser atendidos polas traballadoras sociais?

A pregunta será contestada por escrito.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e dúas horas e cincuenta e seis minutos, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria accidental

Verónica María Otero López